

CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS, Secretario Xeral do Concello de Lalín (Pontevedra),

CERTIFICO:

Que na sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación Municipal o día **24 de setembro de 2021, adoptouse, entre outros o seguinte ACORDO:**

8.- EXPEDIENTE 4068/2021. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA SOLICITAR Á FEGAMP QUE OS CONCELLOS GALEGOS LLE DEDIQUEN UN ESPAZO PÚBLICO A LAXEIRO CON MOTIVO DO 2022 "ANO LAXEIRIANO".-

A Presidencia deu conta da presente moción presentada no rexistro municipal o día 10 de setembro de 2021 co número RC-6047. A continuación, o Sr. Secretario deu lectura ao **Ditame Favorable da Comisión Informativa de Cultura, Política Social e Actividade Veciñal de 17 de setembro de 2021.**

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de votación electrónica, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de dezanove (19) concelleiros, sendo once (11) do PP, catro (4) de CXG- CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE e 1 do BNG, **APROBOUSE A MOCIÓN do seguinte tenor:**

A Real Academia de Belas Artes (RAGBA) acordou na súa sesión ordinaria de 26 de xuño de 2021, por aclamación, homenaxear ao longo de 2022 e, en especial no Día das Artes Galegas (1 de abril), a José Otero Abeledo "Laxeiro". Unha proposta que foi subscrita por unanimidade dos académicos que conforman a Academia, así como por varios colectivos culturais de Galicia. Unha decisión, a de que o 2022 sexa o ano laxeiriano por excelencia, que a RAGBA daba a coñecer publicamente a finais do mes de xuño, á que se sumaba á Xunta de Galicia dicindo que no ano vindeiro se promoverían diversos actos e celebracións en colaboración con institucións e colectivos implicados, que contribuirán a engrandecer a figura deste galego universal, sobre todo, no ámbito nacional e internacional.

O pasado 21 de xullo o Concello de Lalín conmemoraba o 25º cabodano do xenial pintor -Fillo Predilecto de Lalín desde o ano 1976, tres veces cartelista da Feira do Cocido e distinguido coa "Folla de Carballo" en 1986, entre outros recoñecementos-, co desenvolvemento de diversos actos e en presenza de distinguidas autoridades, entre as que se atopaba o presidente da RAGBA, Manuel Quintana Martelo quen, en presenza do Alcalde de Lalín, do Presidente do Parlamento, do Secretario Xeral de Cultura, entre outras destacadas personalidades, anunciou a intención por parte da Academia de celebrar en Lalín os actos do Día das Artes Galegas o 1 de abril de 2022, como tradicionalmente se vén facendo, elixindo a localidade de orixe da figura homenaxeada en cada edición.



Ademais neste ano 2021 estamos a celebrar a XV Bienal Internacional Pintor Laxeiro dedicada integramente á figura de José Otero Abeledo “Laxeiro” ao entender que trinta anos de historia deste certame e transcorrido un cuarto de século da súa morte era oportuno que este pintor universal contase cunha edición propia protagonizada polas súas obras, que serve ao mesmo tempo de pórtico de entrada ao que pretende ser o grande Ano Laxeiriano 2022.

Diante da actual conxuntura, estimamos que o ano que vén é unha boa oportunidade para que todas as entidades e institucións nos impliquemos para contribuír, na medida das nosas posibilidades, a magnificar o coñecemento da figura e da obra do noso pintor máis universal, no ámbito español e tamén internacional.

Neste sentido consideramos que un xesto simbólico pero significativo que axudaría a valorizar ao noso xenial pintor Laxeiro, o máis popular artista galego do século XX, consistiría en que todos aqueles concellos galegos que aínda non dispoñan dun espazo público dedicado a José Otero Abeledo “Laxeiro” llo adiquen a modo de homenaxe ao longo de 2022, ano laxeiriano por excelencia.

Xa que logo, o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:

Solicitar á FEGAMP que inste aos concellos que aínda non dispoñan dun espazo público co nome de José Otero Abeledo “Laxeiro” llo dediquen a modo de homenaxe ao longo de 2022 a fin de intensificar a posta en valor deste galego universal e contribúan así a agrandar o coñecemento e difusión deste pintor universal.

E para que así conste, aos efectos oportunos, asino o presente co visto e prace do Sr. Alcalde.

O Secretario Xeral.
César López Arribas

Visto e Prace. O Alcalde
P.D. a Primeira Tenente de Alcalde
M.^a Paz Pérez Asorey
(Decreto da Alcaldía de 24/06/2021. BOP n.º 126 de 05/07/2021)

L A M O

